

Casares gustaba de perderse por vilas e cidades, pasear as rúas e camiñar os montes, observar as augas e o ceo dende areas e ribeiras. Sentar nun café, ver xente, falar sen présa e deitarse tarde. O mundo é grande e fermoso de sobra. Segundo el, incluso en Galicia se podía facer un mapa de reboticas célebres polas súas *tertulias*. En Ribadavia, por exemplo, estaba a de José María Chao, pai dun ministro da I República. En Ourense, a *tertulia* dos Temes na botica da Praza do Ferro. En Pontevedra, a de Perfecto Feijóo, no número 1 da rúa Michelena, que cando facía bo tempo se celebraba fóra da farmacia, nun banco de pedra que hoxe garda o Museo de Pontevedra.

Entre, pois, na exposición como nun bosque de mundos e xente, e goce do Camiño, porque “viaxar é como verlle as tripas ao mundo”.



Escolma de imaxes da peregrinación realizada por Carlos Casares en outubro de 1992

Carlos Casares

Carlos Casares naceu en Ourense en 1941 e faleceu en Vigo (Pontevedra) en 2002. Cando tiña tres anos, a súa familia mudouse a Xinzo de Limia. Estudou no Seminario de Ourense de 1952 a 1957, onde recibiu unha formación humanística. O gañar un concurso de relatos en Ourense valeulle para coñecer a Vicente Risco e incorporarse á súa *tertulia* do Café Parque.

Rematado o Bacharelato, foi a Santiago de Compostela a cursar a carreira de Filosofía e Letras. Durante a etapa universitaria non esqueceu a súa vocación literaria, publicando algúns relatos na revista *Grial*, en 1965, e dous anos despois o seu primeiro libro, *Vento Ferido*, na editorial Galaxia.

Durante unha viaxe coñeceu a Kristina Berg, unha rapaza sueca coa que casou uns meses despois. A partir de entón Carlos viaxará a Suecia con frecuencia, descubriendo unha sociedade aberta, democrática e avanzada. En 1978 entrou na Real Academia Galega, sendo nese momento o seu membro máis novo.

Ademais do seu traballo como ensaísta, editor e tradutor, Carlos Casares non descoinou a literatura e seguiu publicando uns cantos títulos con boa acollida de público e crítica, como *Os escuros soños de Clío* (1979); *Ilustrísima* (1980) e, de volta dunha lexislatura como parlamentario galego, *Os mortos daquel verán* (1987), *Deus sentado nun sillón azul* (1996) e mais *O sol do verán* (2002). Tamén escribiu literatura infantil e xuvenil.

Xurxo Lobato

Xurxo Lobato (A Coruña, 1956), licenciado en Xeografía e Historia. Fotoxornalista. Académico numerario da Real Academia Galega de Belas Artes. Premio Ortega y Gasset de *El País* 2003. Premio Artes Plásticas da Cultura Galega 2020. Premio da Crítica Galega 1991. Comisario do premio Luis Ksado da Deputación da Coruña. Ilustrou máis de 60 libros coas súas fotografías con autores como Carlos Casares, Manuel Rivas, Suso de Toro, Gonzalo Torrente Ballester, Ramón Villares... A súa obra artística está, entre outras, nas coleccións de arte do museo Reina Sofía, IVAM, CGAC, Naturgy, MARCO, Colección Alcobendas...






Xurxo Lobato e Carlos Casares, Compostela, 1992

“

A exposición é unha homenaxe persoal a Carlos Casares, o escritor e o amigo, o galego universal que vía o Camiño como unha experiencia vital, un espello onde se reflicte a alma das persoas”

Xurxo Lobato

ESTA EXPOSICIÓN FORMA PARTE DO PROGRAMA O TEU XACOBEO

-  fundacioncarloscasares.org/oscaminhosdecarloscasares
-  info@fundacioncarloscasares.org
-  twitter.com/CaminhosCasares

↓
VERSIÓN
CASTELLANO



↓
ENGLISH
VERSION



- FOTOGRAFÍAS: Xurxo Lobato
- TEXTOS: Carlos Casares
- SELECCIÓN DE TEXTOS: Gustavo A. Garrido
- COORDINACIÓN: Miguel Valverde
- DISEÑO GRÁFICO: Alejandro R. Velázquez
- XESTIÓN DOCUMENTAL, REDES, PRENSA: sermuseum, S. L.
- TRADUCCIÓN DE TEXTOS: Nerea Remiseiro e Miguel Valverde
- COLABORACIÓN: Ángela Villar

· DEPÓSITO LEGAL: VG 278-2021



A CULTURA É UN DEREITO
CULTURA EN TODOS OS CONCELLOS. CULTURA PARA TODOS OS Poboacións



EXPOSICIÓN

Os camiños de Carlos Casares

FOTOGRAFÍAS
Xurxo Lobato

casares

A exposición **Os Camiños de Carlos Casares** recolle 40 fotografías de Xurxo Lobato inspiradas nunha serie de textos de Carlos Casares sobre o Camiño de Santiago e, de modo máis amplo, sobre a experiencia da viaxe.

Casares cumpriu co rito da peregrinación á tumba do Apóstolo en 1992, percorrendo a pé o tramo galego do Cebreiro a Compostela dende o 8 ao 12 de outubro. Integraba un grupo variado de quince peregrinos, de diferentes idades, con profesións e orixes distintas, algúns dos cales non se coñecían antes do inicio da viaxe.

Pese ao seu costume de compartir anécdotas na súa columna diaria de *La Voz de Galicia*, o escritor non deixaría referencia desta peregrinación, aínda que os artigos de “Á marxe” seguiron aparecendo puntualmente durante a viaxe, con outros temas e protagonistas.



Igrexa de Vilar de Donas

“Eu contei un milagre que vén no libro de Santiago e que trata dun cabaleiro que foi pechado no calabozo dun castelo, onde se encomendou ao Apóstolo para que o sacase de alí, o cal conseguiu, pero facendo que a torre se inclinase ata o chan para que puidese saír andando”.

(“Milagres”, *Á marxe, La Voz de Galicia*, 21/11/1999)

Casares amaba Santiago de Compostela con naturalidade, non en van o acolleu durante a etapa nutricia, sendo a vella universidade a súa *alma mater*. Durante os últimos seis anos da súa vida, ademais, deulle o mellor despacho que un pode soñar, coas ventás abertas á fachada da catedral. Por iso non son escasas as referencias á cidade na súa obra; todo o contrario, nela atopamos textos explícitos tanto sobre a súa dimensión física, ou xeográfica, como na dimensión mítica que lle conferira a *inventio* da tumba do Apóstolo.



Peregrinos na catedral de Santiago de Compostela

Durante o primeiro ano da carreira, Casares viviu na Avenida de Raxoi, posiblemente a avenida máis curta do mundo, que arranca na praza do Obradoiro e remata, cen metros e pico máis alá, na Travesa de Fonseca, ao pé das escaleiras que conducen ao xardín do antigo Colexio. O contorno da catedral éralle familiar: a Torre Berenguela; a praza da Acibechería ou a basílica mesma. Tan familiar como o camiño á Facultade de Filosofía e Letras, en 1975 renomeada de Xeografía e Historia; a Quintana dos Mortos e os soportais das rúas. E máis alá, a Porta do Camiño e o Monte do Gozo. É dicir, a cidade real, pedras que sosteñen, dan forma e envolven a cidade mítica, que resulta invisible a primeira vista e xorde da auga e da luz, entre a chuvia e as sombras.



Ponte medieval de Ourense

“A primeira vez que vin o mar foi nunha viaxe en tren, desde Ourense a Santiago por Redondela, alá polos anos corenta. Non recordo case nada, a non ser o asombro que me produciu. Co tempo, entre fantasías infantís e anacos de conversas escoitadas aos maiores, presumín diante dos demais nenos de que vira unha balea e centos de tiburóns. A realidade é que a miña nai aseguraba que viramos un par de delfíns”.

(“A beleza e o frío”, *Á marxe, La Voz de Galicia*, 7/01/1996)



Montes do Cebreiro

A viaxe é un feito recorrente na vida de Carlos Casares. Dende a temperá relación con Suecia, por mor do seu matrimonio con Kristina Berg, ata os debidos aos frecuentes e variados compromisos profesionais. En consecuencia, o Camiño intégrase na súa vida como unha metáfora. Ambos os dous implican ilusión, silencios e reflexión; esforzo e renuncias. A propia viaxe obriga. Mais tamén invita ao contacto persoal, a compartir, a falar. Imposible evitalo cando, como no seu caso, conflúen a bondade e a intelixencia, sementadas de curiosidade, e mais a cortesía.

“Curiosa vivencia esta da idade, que require unha peregrinación aos lugares do pasado para sermos conscientes de que os anos foxen e que o tópico de escritores e poetas resulta certo”.

(“Unha viaxe sentimental”, *Á marxe, La Voz de Galicia*, 18/07/1992)



San Xoán de Portomarín